
Situación en Comercial

A mediados do mes de maio a dirección de Comercial do territorio Norte enviou unha serie de cartas ameazantes a traballadores e traballadoras da área de Empresas, o que fixo que a paciencia do persoal de Comercial chegase ao seu límite.

Na Coruña o Comité actuamos con rapidez e contundencia, convocouse unha reunión da Permanente onde se acorda convocar unha concentración para o 25 de maio na porta da central de Riazor e unha xornada de folga para o 3 de xuño, folga que tamén foi convocada en todo o territorio Norte. Por unha vez parecía que todos os sindicatos víamos a necesidade de mobilizarnos en Comercial contra unha presión insoportable.

Despois de convocada a folga a empresa envía un escrito retirando as cartas, mais ben dicindo que non debían tomarse como unha ameaza, pero o medo no corpo xa lle quedou aos comerciais. O caso é que houbo provincias que comezaron a descolgarse do paro alegando a retirada das cartas.

Na Coruña tamén acabamos desconvocando, aínda que todos entendiamos que sobaban os motivos para mobilizarse, o argumento foi que estaba desconvocado en todo o territorio Norte e as cartas foran retiradas. Con todo, o Comité acordou volver a convocar outro paro só para a provincia da Coruña pois existe unha problemática distinta a de outras provincias dende hai tempo.

Sobre a data do paro nun primeiro momento falouse do 18 ou 19 de xuño. No Pleno do 5 de xuño maniféstanse as dúbidas por parte de UGT e logo no Pleno Extraordinario do 11 de xuño, despois da Comisión de Xestión, comprobamos como CCOO xa perdera o interese pola mobilización. Dende o Comité enviáramos varios escritos solicitando unha reunión cos máximos responsables de Comercial.

O caso é que nesa Comisión de Xestión coa empresa non se presenta ningún responsable de Comercial, alegaron motivos de axenda mais a data era coñecida polo menos dende o 26 de maio. A empresa escúsase dicindo que programará outra reunión na que estará toda a dirección de Comercial Norte e aí é onde está agochada a sorpresa.

O venres 23 a última hora da mañá a CIG somos informados de que a esa reunión só estaban convocados CCOO e UGT!!!. Por ese motivo, o luns 29 enviamos un escrito á empresa para esixir a nosa presenza como representantes dos traballadores nesa reunión.

Agora entendemos a perda de interese duns e doutros, todo estaba amañado para rematar nunha reunión da empresa cos seus socios sindicais e abortar todo conato de rebelión que houbera por parte dos traballadores e traballadoras de Comercial.

Agardaremos a ver que pasará na reunión do 1 de xullo, veremos que tipo de reunión pretenden manter: coa representación dos traballadores ou só cos socios sindicais, e comprobaremos como acaba todo.

Visto o resultado dos acordos da Mesa de Comercial e dos grupos de traballo para solucionar os riscos psicosociais, moito nos tememos que en Comercial nada cambiará. A empresa cumpriu o seu obxectivo: meterlle o medo no corpo aos comerciais, e a seguir...

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 30 de xuño de 2015